

Man mestra

Cartografía das palabras

MARGA ROMERO

Hai moitas razóns para propoñer a lectura deste primeiro libro de poesía que nos chega de Dores Tembrás, é un poemario que (con)move pola fermosura das imaxes, polos segredos das palabras que nos conducen a un mundo onírico que, por veces, se achega á marabilla que adoita envolver as imaxes que nos trasladan ao pasado. Sei que estes poemas pousarán na nosa memoria lectora, na mesma na que acougan e, de cando en vez, avivan como o lume os versos de *Hunidosas* de Emma Couceiro, os do mundo dos furados de María Mariño, xa os máis recentes de Olalla Cociña en *O libro de Alicia*, todos eles enredándose, para “(des)aprender” nos de Alejandra Pizarnik ou nos de Emyli Dickinson; velaí a escrita para atrapar a loita entre a palabra e o silencio, entre perder ou atrapar a perda; poemas que lle contestan á Rosalía que se pregunta para que escribe palabras e palabras. Poemas que nos inclúen como lectores e lectoras, semella que falan de nós, aprendendo a facer a letra dereita para construírmos unha “cartografía de palabras”, cicatrices na pel que nos falan das “espiñas da infancia/ aínda infectas”. É un libro da patria da infancia que só ten como territorio a memoria que “zurcirá os espazos en branco”, dese pasado que “regresa sempre cheo/ de trampas adorábeis/ elaboradas con premeditación e aleivosía”, é o libro dun mundo que só existe neste libro, na man que escribe e xa non fai caligrafía e nas cicatrices e pegadas doutras vidas que van no corpo que leva a man que escribe. No conto de hoxe “Carra-puchiña adícase á moda/ e marca tenden-

cia” e “Cinsenta e Brancaneves” “fartas de agardar/ montaron unha editorial”, mais nós sabemos quen son e de onde veñen. Estes poemas fálannos desa identidade, da raíz, da estirpe da man que escribe co “corazón/ coma o marmelo/ barolecido”, que posúe: “a lata dos botóns”, “a cerimonia do río d’abaixo”, “mariquitas decapitadas”, “o peixe dourado”, a historia de quen andou de Toca ata Burreiros, de quen veu pasar “os veloces cabalos do rei”, da herdanza. Poemas das nenas afumadas que afirman “saberán/ que a pé de lume nos criaron/ tatuado nos ollos/ levamos o pouso”, que saben que proveñen dunha “xenealoxía de esfolladoras/ debulladoras”. (Con)moven estes versos pola fondura, pequenas miniaturas de hoxe que saen do libro das marabillas do punto de cruz e dos cadernos de caligrafía, palabras revitalizadas nun mundo de hoxe, onde se actualiza o arcaísmo ou Arcadia Perdida e se converte en neolo-



xismo necesario: “recuperar a desmemoria da familia léxica chuvia/ e descubrirme impermeábel/ enmudecer ante as novas palabras/ que me atordan”. A man que escribe, foi man de lavandeira e de modista, man mestra dos patróns e das tesouras, man que salva para sempre a perda.

TEMBRÁS, Dores, O pouso de fume, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP.14€